

CLASE OBREIRA E FASCISMO

Kurt Gossweiler

Discurso pronunciado na Conferencia Científica de Historiadores URSS-RDA
Kiev, setembro de 1978

estoutras

Tradución ao galego da versión en francés publicada pola revista Etudes Marxistes (nº 68-69, 2007)

- 1. O socialismo dos industriais do aceiro**
- 2. Un partido fascista para realizar unha "dobre misión"**
- 3. A creación dun partido nacional pseudo obreiro**
- 4. Converter aos socialistas internacionalistas en nacionalsocialistas**
- 5. Acabar co marxismo a través do terror e a demagogia social**
- 6. A conquista dos traballadores organizados: todos os medios son válidos**
- 7. As células de fábrica do partido nazi: terror e espionaxe ao servizo dos capitalista**
- 8. A responsabilidade da clase obreira e da súa vangarda para contrarrestar os esforzos dos fascistas**

1. O socialismo dos industriais do aceiro

Antes da Primeira Guerra Mundial, dúas actitudes opostas á clase obreira xermolaban no seo da burguesía imperialista. A estas dúas actitudes correspóndelles dous métodos diferentes de goberno descritos por Lenin.

Os representantes "modernos" da burguesía imperialista -esencialmente encadrados nas novas industrias química e eléctrica-, os seus ideólogos e os seus representantes políticos na Alemaña xa se decataram a finais do século XIX que só co apoio da burguesía e pequena burguesía á orde capitalista non abundaba, é era preciso pular pola creación dunha masa de apoio dentro da

clase obreira. Descubriron a posibilidade deste sostén no proceso de transformación da socialdemocracia revolucionaria nun movemento reformista social liberal. Os representantes da burguesía monopolista alemá viron na adhesión da dirección da socialdemocracia alemá e dos seus sindicatos á posición da defensa da patria o 4 de agosto de 1914 a confirmación do acertado da súa análise. Situábanse, antagónicos a esta visión, os representantes da "liña dura", da política represiva e da negativa a calquera concesión ás organizacións da clase obreira. Este sector era forte na industria pesada e, evidentemente, entre os grandes terratenentes (junkers). As únicas organizacións ás que permitían aos obreiros adherirse eran os comités de empresa (werkverein), dominados polos empresarios.

Esta última actitude foi defendida por motivos económicos e políticos. Económicos porque se trataba en xeral de ramas industriais menos rendíbeis que as novas industrias e moito máis expostas a unha competencia cada vez máis forte dos mercados exteriores. E motivos políticos porque as erráticas análises da inmensa maioría dos representantes desta tendencia non lles permitían avaliar correctamente os cambios que se produciran na relación de forzas entre as clases e o rápido medre do peso da clase obreira.

Continuaban considerando absolutamente imposíbel a creación dunha base de apoio á orde burguesa no seo da clase obreira. Esta situación tan só comezou a mudar coa Primeira Guerra Mundial e, sobre todo, após a revolución de Outubro en Rusia e Novembro en Alemaña, é dicir, cando o capitalismo entrou nunha crise xeral. A guerra fixo entender aos terratenentes e aos militares máis limitados que as clases dirixentes eran incapaces de acadar os seus obxectivos imperialistas sen o sostén dunha parte considerábel da clase obreira. A Revolución de Outubro fixo tremar á burguesía alemá porque probaba que o proletariado adquirira a forza numérica e tamén -cando menos en Rusia- a madurez política necesaria para leva adiante a "loita final" contra a burguesía.

2. Un partido fascista para realizar unha "dobre misión"

Xa que logo, non foi cuestión do azar que os anos da Primeira Guerra Mundial viran as primeiras tentativas dos representantes da "liña dura" de crear, eles tamén, unha base de apoio para a súa política entre os traballadores.

Conforme á liña política defendida até entón por esa tendencia, pretendían eliminar a socialdemocracia e os sindicatos.

Mentres que os representantes da política imperialista "moderna" querían subir aos traballadores no carro imperialista coa axuda dos socialdemócratas e os dirixentes sindicais, o fin declarado do outro sector burgués era a pretendida "nacionalización" dos traballadores alemáns e a súa "liberación" dos dirixentes socialdemócratas. Mais o seu odio cara ao movemento obreiro organizado non decrecera, e incluso se transformara nunha vontade extrema de destrución.

A vontade de destrución do movemento obreiro fusionouse nesa época co desexo de adquirir un importante sostén entre os traballadores para lle dar resposta a unha nova necesidade: a realización da dobre misión de aniquilar o

movemento obreiro e, simultaneamente, gañar o apoio de amplas casas de traballadores. Porén, ningunha das organizacións existentes da dereita política atopábase en condicións de realizar esta dobre misión, o que obrigaba á creación dunha nova organización que fose quen de levala a cabo. Baixo o capitalismo, a lei da oferta e da demanda tamén se aplica ao campo político. Esta nova organización naceu despois de que a petición da súa existencia se manifestara con forza no mercado da política. Non naceu, non obstante, cunha forma rematada, senón que se foi desenvolvendo a partir de distintos embrións de organizacións.

A semente foi posta por membros da asociación panxermanista Aldeutsche Verband. Esta asociación mantiña estreitas e explícitas relacións cos representantes da industria pesada (Kirdorf, Vögler, Hugenberg, Reusch, etc.) e cos grandes terratenentes (os condes Arnim-Muskau e Udo de Stolberg-Wernigerode, Gertzlaff von Herzberg-Lottin, o barón de Manteuffel-Katzdangen e outros). O partido fascista, produto final destes esforzos, non foi un invento ao chou, senón que foi elixido ao remate dun proceso de selección como a organización máis acaída ás novas necesidades dos grupos máis reaccionarios da burguesía imperialista. Este proceso de selección foi especialmente longo porque estes círculos burgueses só estiveron dispostos a apoiar a creación dun "partido nacional obreiro", en aparencia independente deles, cando se demostrou que todas as demais formas de organización non conducían ao obxectivo desexado.

Nun primeiro momento, houbo un intento por situar aos traballadores do lado da burguesía "nacional" a través do Partido da Patria Alemá (Deutsche Vaterlandspartei), un partido chauvinista extremo fundado o 3 de setembro de 1917 que se presentaba como un "partido popular". Detrás deste partido agochaban a cabeza círculos influentes da burguesía monopolistas, terratenentes e militaristas.

Malia os grandes esforzos -como a creación dunha "sección obreira" ou as declaracións "nacional-políticas" dirixidas aos traballadores- a tentativa resultou un fracaso. A masa obreira decatouse de que este partido representaba os intereses dos seus peores inimigos. Os padriños do partido comprenderon a inutilidade de querer atraer a amplas capas de traballadores a través de organizacións dirixidas por representantes da burguesía. Por esta razóns, decidíronse a retomar o seu antigo proxecto que consistía en empregar as "cores amarelas" -comités de fábrica hostís as accións que poderían prexudicar á economía- como punto de partida dunha organización obreira "nacional" que aparecera como autónoma para o exterior.

3. A creación dun partido nacional pseudo obreiro

Desde o verán de 1917, Wilhelm Wahl, dirixindo o comité de fábrica da empresa Krupp en Bremen, creara, en estreita colaboración co "Comité Independente por unha Paz Alemá", fundado en 1916 polos panxermanistas, o "Comité Libre por unha Paz Obreira Alemá", que foi a orixe doutros comités semellantes en distintos puntos de Alemaña. Así, por exemplo, Anton Drexler, fundador do Deutsche Arbeiterpartei, unha das organizacións que orixinaron o

NSDAP (Partido Nacional-socialista Alemán dos Traballadores), comezou a súa carreira política creando un Comité Obreiro Libre por unha Paz Xusta" en Munich. Drexler abandonou o Partido da Patria para integrarse no sindicato libre dos ferrocarrís co fin de poder acceder a unha máis ampla base de axitación. Wilhelm Wahl, ao igual de Drexler, tiña a intención de influír entre os traballadores socialdemócratas coa axuda dunha propaganda socialimperialista que botaba man dunha demagogia anticapitalista, mais só contra o capitalismo das potencias da Entente, especialmente Inglaterra.

Outras persoas, particularmente Wolfgan Kapp, chegaron á conclusión da necesidade de ir alén e fundar un "partido nacional obreiro". Kapp era dos que, xa relativamente cedo, desexaban chegar coa súa ideoloxía aos traballadores organizados na socialdemocracia e nos sindicatos. Cando, a comezos de novembro de 1917, Wilhem Gellert, un empregado do sindicato dos patróns das minas de potasio, activo no movementos dos empregados, falou con el sobre o plan de fundar un partido dos obreiros e empregados, deulle todo o seu apoio.

As ideas de Gellert mostraban até que punto os sectores representados por Kapp aprenderan no curso da guerra a manipular ás masas, particularmente aos traballadores.

Mais tamén amosaba os límites desta capacidade de aprendizaxe. Gellert opuña a Kapp que só un movemento nacional creado polos obreiros e empregados podía "salvarnos da contaminación socialdemócrata". Segundo el, "o partido obreiro alemán non ten que ser un apéndice do Partido da Patria senón un partido plenamente independente, porque só con esta perspectiva pode actuar contra a socialdemocracia". Desde esta perspectiva, o Partido da Patria só se podía implantar superficialmente entre os traballadores, mentres que un partido obreiro, cos mesmos obxectivos, si que acadaría unha verdadeira implantación.

Apoiado por Kapp e a dirección do Partido da Patria, Gellert fundou en febreiro de 1918 o Partido Alemán dos Obreiros e Empregados (Deutsche Arbeiter und Angestellten Partei, DAAP).

Grazas á intercesión de Kapp, desde o verán de 1918, Gellert é liberado das súas funcións no sindicato dos patróns das minas de potasio para ocuparse do seu cargo de presidente do novo partido.

O partido fora fundado pensando en todo o período de posguerra, non só cunha visión a corto prazo. Sempre segundo Gellert, o partido debía "conducir a un xiro duradeiro do movemento obreiro cara ao campo patriótico". Se un partido así non fora creado, os traballadores, cando volveran da guerra, atoparían só as vellas organizacións, e non terían outra opción que adherirse ao socialismo, e este vencería. Para realizar este cambio, non abundaba con verter un viño novo nun cántaro vello, "precisábase crear algo novo".

Era esta a condición "para orientar o movemento obreiro nunha dirección determinada, correcta e útil tanto para os traballadores como para o Imperio".

Vemos aquí claramente cal era a orientación dos círculos máis reaccionarios da clase dirixente da época: non lles abondaba cun contrapeso fronte ao movemento obreiro da época, querían a súa supresión e substitución por un movemento nacional pseudo obreiro baixo a súa dirección.

Se Gellert era quen de formular con claridade os seus obxectivos, non acontecía o mesmo coa súa capacidade como axitador de masas. O manifesto fundacional do seu partido apenas difire da dinámica de partidos semellantes fundados con posterioridade, entre os que está o Partido Obrero Alemán de Drexler. Integra xa moita demagogia anticapitalista e requisitorias antisemitas, tendencias que hai que atribuír máis ás eminencias grises do Partido da Patria que a el mesmo.

Gellert encheuse dun orgullo ridículo por conseguir ascender do estatus de obreiro ao de empregado, até o punto de considerar e propagar entre os traballadores o seu éxito persoal como un modelo de ascenso social.

En absoluto abraizados polo programa do DAAP, o partido non atopou eco nin entre as masas obreiras nin na pequena burguesía, cuxa preocupación non era continuar progresando na escala social senón non ser rexeitados aos chanzos máis baixos. En agosto de 1920 deixou de existir.

Porén, a súa fundación foi importante para a formación dun partido de tipo fascista. Creouse porque as eminencias grises do Partido da Patria comprenderan que era mester completar as palabras de orde de nacionalismo e paz por novas pezas de recambio ideolóxico. Tamén era necesario completar o modelo de organización creando novas formacións políticas con fin de mobilizar aos obreiros e empregados que se situaban, nas verbas de Stegman, "á esquerda dos crebafolgas".

Feito novo e significativo, que tamén era a vontade dos círculos máis reaccionarios da clase dirixente alemá en resposta á entrada do capitalismo na etapa da súa crise xeral. Isto proporcionaba un impulso directo ao enriquecemento do abano dos partidos burgueses cos novos partidos de tipo fascista.

4. Converter aos socialistas internacionalistas en nacionalsocialistas

Nunha primeira fase, a Revolución de Novembro obrigou aos representantes de todas as fraccións da burguesía monopolista a apoiar a posición dos partidarios da colaboración coa socialdemocracia e os sindicatos reformistas para evitar o bolxevismo e consolidar a orde burguesa.

Mais, ao pouco de desaparecer o perigo sobre a orde capitalista alemá, as formas máis extremistas da burguesía monopolista volveron a súa antiga liña, buscando crear as condicións políticas, ideolóxicas e organizativas para derrubar a República nada da revolución.

Unha das organizacións máis fortes nadas destes esforzos foi a de Anton Drexler, o Partido Obrero Alemán, fundado o 5 de xaneiro de 1919 como

enérxico sostén das eminencias grises panxermanistas. O nome do partido fai pensar que Drexler e os seus xefes mantiñan as intencións presentes na formación do "Comité Obreiro por unha Paz Xusta": crear entre os traballadores unha base para a política chauvinista e reaccionaria dos panxermanistas e dos medios monopolistas que os dirixían.

Drexler tiñas moitas cousas en común co seu predecesor Gellert. Como el, consideraba que o obxectivo do seu partido era afastar ás masas de traballadores da socialdemocracia e dos "espartaquistas" (en resposta a recente fundación do KPD). Igual que Gellert, consideraba que para ter éxito, o partido non podía parecer como abertamente burgués, senón que era mellor que se declarara como un "partido obreiro". Como Gellert, era tan só un monicreque no xogo político dos seus xefes grandes burgueses. Tamén como Gellert, a súa concepción da pequena burguesía como símbolo do ascenso social, restoulle toda forza de atracción sobre a clase traballadora. E por fin, como Gellert, non atopou un discurso eficaz para atraer ás masas pequeno burguesas quen, máis tarde, serán mobilizadas polo NSDAP de Hitler. Nas teses do congreso fundacional do DAP, designaba ao seu partido como unha "organización socialista", pero aí ficaba todo, o resto das ideas ilustraban a súa incapacidade para resolver a tarefa que tiña fixada. Lemos nestas teses, por exemplo, que o DAD quería o "ennobrecemento" do obreiro alemán: todo obreiro fixo debía ser considerado como parte da clase media e conviña establecer unha liña divisoria entre obreiro e proletario.

Non hai ningunha dúbida: baixo a dirección de Drexler, o DAP estaba condenado ao mesmo destino, a desaparición, que o DAAP de Gellert.

Se fuxiu deste sorte, foi grazas a algúns oficiais da Reichswehr destinados en Múnic, en particular o mando do departamento de información, o capitán Karl Mayr, e tamén o capitán Ernst Roehm, oficial do Estado Maior.

Os militares alemáns, máis que os donos dos monopolios, comprenderon durante a guerra que ningunha batalla podía ter lugar, e moito menos gañarse, sen un forte apoio entre os traballadores. Obter este apoio convertérase na máis urxente das súas preocupacións. Atopamos nas súas filas a mesma división sobre a solución a aportar a este problema que entre a burguesía monopolista. A fracción dominante, nun primeiro momento, quere buscar este apoio entre a socialdemocracia e os sindicatos reformistas -tendencia representada principalmente polo xeneral Wilhelm Groener e o seu máximo colaborador, o tenente Kurt von Schleicher, así como, só temporalmente, o xeneral Hans von Seeckt. Outros, liderados polo xeneral Erich Ludendorff (considerado entre os chauvinistas alemáns como o mellor estratega da Primeira Guerra Mundial), aspiraban á destrución rápida e completa da socialdemocracia (naturalmente, primeiro o Partido Comunista) e a creación dun movemento obreiro "nacional".

Por esta razón, Ludendorff apoiou ao NSDAP e ao seu dirixente Hitler.

Vía neste partido a organización acaída para transformar en chauvinista ao traballador internacionalista, condición necesaria para unha renovación do imperialismo e do militarismo alemán. Xa antes, o DAP de Drexler, espertara o

interese do capitán Mayr, quen andaba a procura da semente dun partido obreiro "nacional". Decidiu intentar transformar este partido nunha organización que servira, por un lado, para loitar contra os partidos obreiros e a República e, por outro lado, para a "nacionalización" dos traballadores. Por esta razón, enviou a algúns dos seus protexidos -entre os que estaba Adolf Hitler, que nesa época aínda formaba parte da tropa- para observar e informar sobre as reunións deste partido. Quería facer do PAP unha tropa de asalto para o combate contra a República, como lle escribía en setembro de 1920 a Wolfgang Kapp, asilado en Suecia despois do fracaso do seu golpe. Falaba esta carta sobre o fortalecemento do DPA e sobre o talento dalgúns dos seus membros, entre os que destacaba "un tal Hitler, orador de primeira clase".

O 20 de xuño de 1926, o Rheinisch-Westfälische Zeitung, o voceiro do empresariado mineiro do Ruhr, publicaba un informe sobre unha entrevista entre Hitler e industriais desta rexión: "o feito de que estes sectores económicos de primeira magnitude aceptaran reunirse, proba a importancia que ten o movemento nacionalsocialista baixo a dirección de Hitler.

A economía debe prestar máis atención a este movemento que ocupa a primeira liña de pelexa no combate por conquistar a alma alemá dos traballadores".

En agosto de 1930, o xornal do DNVP (Deutschnationale Volkspartei) caracterizaba a distribución do traballo que desexaba o partido nazi: "un desenvolvemento político acelerado cara á dereita nacional só poderá aparecer cando o Deutschnationale Volkspartei reagrupe a todos os sectores nacionais que sexan, ao tempo, partidarios da economía privada, e cando o nacionalsocialismo remate a tarefa de converter aos socialistas internacionalistas en nacionalsocialistas".

5. Acabar co marxismo a través do terror e a demagogia social

Os dirixentes nazis eran plenamente conscientes da súa misión de "nacionalización dos traballadores" e non aforraron esforzos para conseguilo. En todos os seus discursos diante dos seus benfeitores, financeiros e xefes capitalistas, Hitler presentábase a si mesmo, e ao seu partido, como a única forza capaz de cumprir tal misión.

En 1922, nunha carta dirixida a un círculo de empresarios co fin de mendigar diñeiro, Hitler amosa que comprendera perfectamente o que verdadeiramente lles importaba ás clases dirixentes ás que se dirixía. Escribiu isto: "o seu fin (o do NSDAP) é, resumindo, a destrución e o exterminio da filosofía marxista. Os medios deben ser:

1. Unha organización propagandística e educativa incomparábel, empregando todos os medios posíbeis para influír sobre a poboación,

2. unha organización forte, sen escrúpulos, cunha determinación brutal preparada para replicar a cada acto de terror do marxismo cunha reacción dez veces maior: as Seccións de Asalto do movemento".

E prosigue: "Mentres un terzo do pobo rexeite este concepto de Estado e da identidade nacional, todo renacemento é imposíbel (...) En realidade, a proporción do noso pobo baixo a influencia do marxismo internacional supera o 40% da poboación total. Esta é unha verdade particularmente sorprendente, xa que entre este 40% están os elementos máis activos e traballadores da nación."

Temos aquí unha mostra da argumentación propia de case todos os discursos de Hitler diante dos representantes do capitalismo monopolista: a suxestión de que a metade do pobo alemán ten un espírito marxista internacionalista, a comprobación de que non pode haber ningún tipo de renacemento se isto non cambia, e a afirmación de que só o NSDAP é capaz de acabar co marxismo e levar aos traballadores á "Nación".

O 28 de febreiro de 1926, Hitler fala diante dos grandes industriais e comerciantes de Hamburgo: "máis da metade da poboación, os adultos, homes e mulleres, é conscientemente antialemán (...) O renacemento alemán depende da destrución na Alemaña da visión marxista do mundo. Se esta visión non é exterminada, Alemaña xamais se erguerá.

"Temos quince millóns de persoas que, consciente e voluntariamente, teñen unha concepción antinacional, e mentres estes quince millóns, que representan a parte máis viva e forte da poboación, non adopten no seu seo o sentimento nacional común, todo discurso de renacemento e rectificación da Alemaña son simples verbas sen ningún significado (...) A destrución (da concepción marxista do mundo) é algo moi distinto ao obxectivo que os partidos burgueses se fixan como fin.

Os partidos burgueses non teñen por obxectivo esta destrución senón tan só unha vitoria electoral."

No seu tristemente célebre discurso do 26 de xaneiro de 1932, diante dos burgueses monopolistas, Hitler volve sobre os mesmos temas: "O marxismo debe exterminarse! E se nos acusan de intransixentes, responderemos orgullosamente: si, tomamos a inflexíbel resolución de extirpar o marxismo da Alemaña até a última raíz (...) Durante 70 anos, os partidos burgueses tiveron tempo de traballar. Onde está a organización que pode compararse coa nosa? Onde esta a organización que, como a nosa, pode facerse obedecer na rúa, xuntando a 400.000 homes que posúen unha obediencia cega e executan calquera orde?"

O conde Ernst zu Reventlow, un dos dirixentes nazis procedentes da nobreza, e que desempeñou un papel excepcional no movemento, escribía aínda en maio de 1930: "A adhesión dun único obreiro ao movemento nacionalsocialista ten infinitamente máis valor que a adhesión dunha ducia de excelencias ou personalidades."

Os dirixentes nazis eran perfectamente conscientes do papel e da importancia do seu partido como organización especial da clase dirixente para solucionar os seus problemas. E fica claro que a combinación de terror e de demagogia social para realizar estas tarefas foi emprendida moi conscientemente.

6. A conquista dos traballadores organizados: todos os medios son válidos

O anterior lévanos a ter que responder a outra cuestión: como estes esforzos deron ao fascismo alemán a súa forma específica?

Malia a opinión estendida segundo a cal a combinación do terror máis extremo e a demagogia social resultaba do desexo dos fascistas de crear na pequena burguesía unha masa contra o movemento obreiro, esta combinación é, en primeiro lugar, o resultado ineludíbel do seu esforzo por aniquilar ao movemento obreiro mais tamén por atraer aos obreiros organizados no mesmo.

O propio Hitler expresouno claramente no seu discurso diante dos notábeis de Hamburgo: "Se comprendemos que o noso destino reside na destrución do marxismo, entón todos os medios que podan conducir ao éxito son bos (...) Un movemento que queira realizar isto debe dirixirse ás masas, ás masas nas que se desenvolve o marxismo (...) na masa atópase a fonte da vitoria (...) Esta ampla e teimuda masa hipnotizada polo marxismo e que pelexa por el, é a única arma coa que o movemento pode acabar co marxismo. Cando un movemento quere dirixirse ás masas amplas, recoñecendo que só con elas pode cumprir a súa tarefa, e cando a cuestión que está en xogo é a supervivencia da nación, entón temos todo o dereito a empregar todos os medios que conduzan ao noso obxectivo (..) Se consigo facer volver ás masas ao colo da nación alemá, quen me poderá despois botar en cara os medios empregados? (...) Se vencemos o marxismo será destruído sen ningunha contemplación."

Obviamente, estas exposicións non significan que a demagogia nazi se orientara só á adhesión dos obreiros. Presentáronse os nazis, desde un primeiro momento, como os representantes dos intereses de todos os alemáns, sobre todo das capas desfavorecidas, e tamén da pretendida clase media. Pero sobre ese punto, só se foron diferenciando moi a modiño do resto de partidos burgueses, incluído o Partido Nacional do Pobo Alemán, polo ton máis radical co que defenderon as reivindicacións da clase media. Porén, ningún dos outros partido de dereitas -abstracción feita das organizacións fascistas competidoras- tiña como un dos seus obxectivos a conquista dos traballadores organizados.

Malia que Hitler estaba disposto a botar man de todos os medios necesarios para acadar este obxectivo, como o demostran os seus discursos, carecía do coñecemento e a capacidade de adquirir a intuición, o modo de pensamento e os sentimentos dos obreiros organizados no movemento socialista.

Confiaba no convincente dos seus argumentos, que lle parecían evidentes: que a historia do mundo non era unha loita de clases, senón de razas; que a

mellora das condicións de vida dos traballadores era posíbel só pola abrogación do Tratado de Versalles e a conquista do "espazo vital"; que as raíces de todas as inxustizas sociais residían no "arrendamento rústico" e que este era un invento xudeu, como todas as desgrazas do mundo, cuxo máximo exemplo eran o marxismo e o Estado soviético.

Era exactamente a argumentación que os mecenas de Hitler, como o magnate Ruhr Kirdorf, consideraban admisíbel.

Por esta razón o programa do NSDAP era moi moderado no tocante a reivindicacións "socialistas". Os seus redactores (Drexler, Feder e Hitler), non obstante, incluíron algúns puntos que tocaban reivindicacións familiares para os traballadores. Así, podemos considerar o punto 7 ("esiximos que o Estado se comprometa prioritariamente na existencia de postos de traballo para os cidadáns") como unha perífrase da reivindicación do dereito ao traballo. O punto 11 quería especialmente soar a "socialista" esixindo a "supresión das rendas adquiridas sen traballo", semellándose á reivindicación dos partidos obreiros: "Quen non traballa, non come". Engadindo o punto 11 una segunda frase: "Supresión do arrendamento rústico."

O apartado 12, como os seguintes, estaba destinado especialmente aos obreiros: "Esiximos a confiscación sen reserva de todos os beneficios da guerra"; "Esiximos a nacionalización de todas as empresas xa socializadas (trusts)."; "Esiximos unha participación nos beneficios de todas as grandes empresas" (punto 14). En canto ao punto 17 ("esiximos unha reforma agraria adaptada ás nosas necesidades nacionais, a aprobación dunha lei para a expropiación sen indemnización da terra para o interese xeral"), dirixíase sobre todo aos traballadores do campo e aos campesiños sen terra.

Porén, resultou evidente rapidamente que a argumentación hitleriana e estes puntos do programa non abundaban, e que era preciso buscar medios e palabras máis fortes -particularmente nas rexións industriais e nos "feudos roxos"- se se quería polo menos asentarse entre pequenos grupos de traballadores e rachar algúns ladrillos do muro de desprezo e hostilidade cara a eles.

Xa que logo, non é casualidade que, precisamente na rexión do Ruhr, xa na segunda metade dos anos vinte, a demagogia social dos nazis ía moito máis lonxe que en Múnic. Gregor Strasser e Goebbels destacaron especialmente neste ámbito.

Por exemplo, en xullo de 1927, Strasser expuxo nun artigo os seguintes "obxectivos e vías": "somos socialistas, somos inimigos mortais do actual sistema económico capitalista coa súa explotación das persoas economicamente febles, coa inxustiza dos salarios, coa súa inmoral clasificación dos homes baseada na fortuna e no diñeiro no canto da responsabilidade e o traballo e temos a resolución de aniquilar este sistema calquera que sexan as circunstancias!"

Goebbels non se comportaba de xeito menos radical e "socialista" que Strasser. Por exemplo, escribía nun dos seus panfletos de propaganda nazi:

"se a esquerda, 17 millóns de proletarios, ven a súa última salvación na loita de clases é porque a dereita, durante 60 anos, fixo que aprenderan da práctica. De onde extraemos o dereito moral a opoñernos ao pensamento proletario da loita de clases se o estado de clase burgués non é primeiro substituído por completo por unha nova composición socialista da comunidade alemá."

Porén, estes exercicios de estilo que facían referencia á "loita de clases" abundaban para sementar dúbidas a algúns capitalistas da fiabilidade dos nazis e a posibilidade de utilizalos, mentres que, pola outra banda, non abundaban para impresionar aos traballadores comunistas e socialdemócratas con conciencia de clase.

7. As células de fábrica do partido nazi: terror e espionaxe ao servizo dos capitalista

A cuestión decisiva, moito tempo descoidada polos dirixentes nazis pero inevitábel a longo prazo, era a posición práctica do NSDAP na loita de clases entre patróns e obreiros, a súa actitude fronte aos sindicatos, o seu papel nas loitas salariais e as folgas.

Nos anos de estabilidade relativa, o NSDAP puido permanecer case mudo ante estas cuestións e limitar a súa propaganda á obtención de apoios obreiros nos barrios.

O comezo da crise económica mundial obrigouno, porén, a estender a súa propaganda ás empresas, por mor da intensificación do combate por gañar a adhesión dos traballadores alemáns. Tamén estaba o interese do dono en podar contar cunha célula nazi na fábrica como contrapeso "nacional" fronte aos sindicatos libres e fronte a Oposición Sindical Revolucionaria (RGO), contrapeso que podía tamén desenvolver o papel de crebafolgas se fose necesario.

En 1929, baixo a presión de varios delegados das rexións industriais, unha sesión extraordinaria do congreso do NSDAP de Nuremberg, decidiu poñer en marcha unha organización de células de fábrica, o NSBO (Organización de Células de Fábrica Nationalsocialistas).

A mesma resolución explicaba que os crebafolgas serían excluídos do NSDAP. Esta parte da resolución permaneceu obviamente sen consecuencias posto que as células de empresa do NSDAP non eran máis que grupos de crebafolgas ao servizo do empresariado. Ademais, esta resolución foi anulada por unha recomendación posterior, segundo a cal se podían considerar crebafolgas só aos que boicotearan unha folga dirixida polo NSBO. Até agosto de 1932, a actitude do NSBO diante das folgas era a de ningún apoio financeiro aos folguistas. A súa tarefa principal era o combate contra "o marxismo nas fábricas", é dicir, contra os sindicatos. Así, nas directivas de traballo dos delegados de empresa do NSDAP, de outono de 1930, podemos ler: "O delegado nationalsocialista de fábrica ten por tarefa: 1. Combater o marxismo no seu bastión máis forte: as fábricas; 2. Facer das fábricas un feudo do

nacionalsozialismo (...) A propaganda debe centrarse en: 1. Explicacións sobre a traizón dos dirixentes políticos obreiros. 2. As características e os obxectivos do nacionalsozialismo".

No tocante á actividade político-social do NSBO, lemos: "comprende: 1. Os consellos aos traballadores sobre as cuestións de salarios, en materia de dereito laboral e seguridade social. 2. A representación dos traballadores fronte á empresa, fronte a xustiza do traballo, fronte aos delegados roxos e fronte ao seu terror. 3. A preparación e participación nas eleccións no comité de empresa."

A introdución ás "directivas confidenciais no decisivo ano de 1932 para a o cumprimento da nosa loita contra o marxismo nas fábricas", insiste no feito de "que o NSBO non é outra cousa que a arma específica para a conquista das fabricas mediante a vitoria sobre o marxismo. O NSBO non é recoñecido como sindicato por sentenza do Tribunal de Traballo do Reich.

En consecuencia, o NSBO non pode representar aos traballadores diante do Tribunal. Do mesmo modo, non concede ningún apoio financeiro nas folgas. É necesario disipar as dúbidas sobre este tema aos empresarios membros do noso partido."

Nestas directivas relativas ás tarefas dos nazis membros dos comités de empresa, o papel do NSBO como organización terrorista e de espionaxe ao servizo dos capitalistas é exposto sen verniz: "a tarefa máis nobre dos nacionalsozialistas nas fábricas é a loita polo noso movemento e a destrución do inimigo.

" Calquera que sexa a forma baixo a que se presente -ben sexa o KPD, o RGO ou os sindicatos pseudo marxistas socialdemócratas e cristiáns que están no seu remolque- o noso combate refírese a todas estas formacións (...) Cada nacionalsozialista está obrigado ademais a conseguir a identidade de cada delegado marxista na empresa, independentemente do seu matiz, e abastecer o seu enderezo exacto. Sempre que sexa posíbel debe tratar de obter unha fotografía destas persoas (...)

"Se o empresario é membro do noso partido, ten o dereito a ser informado constantemente. Será así posíbel limpar todas as fábricas, unha tras outra, de elementos prexudiciais, e un gran número dos noso compañeiros de partido atoparán así un posto de traballo. Este rexistro de enderezos poderá tamén revelarse dunha grande importancia após a nosa toma do poder (...) é importante indicar aos nosos camaradas empresarios que, fronte a baixadas eventuais e indispensábeis dos salarios, o traballador nacionalsozialista mostrará unha comprensión moi distinta que á dun traballador excitado polos marxistas." A práctica do NSBO axustouse totalmente a estas directivas para crebafolgas.

Porén, a acentuación da loita de clases, esencialmente na segunda metade de 1932, forzou á dirección nazi -contra a súa vontade- non só a incrementar o discurso social-demagóxico, senón tamén a tolerar que o NSBO participara en

moi determinadas folgas, poñéndose á súa cabeza co fin de rachar a "fronte marxista".

Para estas situacións específicas, a dirección do NSBO elaborou unha serie de disposicións sobre as folgas, que tiveron efecto a partir do 1 de agosto de 1932. Nas observacións xerais introdutorias afírmase: "a loita política do NSBO nas fábricas ten como consecuencia a de proporcionar apoio financeiro aos nosos membros nas loitas económicas (folgas, peches, sancións disciplinares, etc.) (...) en xeral, é necesario ter presente o seguinte: o NSBO non é un sindicato, nin a súa formación é de tipo sindical. Era, e aínda é, a forma de loita política do NSDAP nas fábricas co fin de difundir as ideas de Adolf Hitler, de vencer ao marxismo nas empresas e gañar para o nacionalsocialismo aos traballadores alemáns aproveitábeis (...) Os obxectivos do NSBO son claramente políticos: quere liberar aos traballadores alemáns das gadoupas do marxismo xudeu internacional. Este traballo lévase a cabo, sobre todo, nas fábricas, estes fogares do marxismo. Como o conxunto do NSDAP, o NSBO loita pola mellora social da sorte do traballador alemán. Derívase disto que debe ter unha actitude positiva fronte ás loitas económicas actuais."

Polo tanto, a dirección nazi, de mala gana, ten que adoptar esta "actitude positiva". Intentará xustificarse disfracando as "loitas económicas actuais" como unha loita de razas: "O traballador non é libre politicamente. É un escravo a nivel social por mor do dominio marxista que dura desde hai anos. O carácter da economía actual é liberal-capitalista debido ao dominio do capital financeiro xudeu internacional e a falta dun sentimento alemán. Danse hoxe as loitas económicas entre estes dous grupos dominantes."

"En ausencia de convenios salariais ou outros acordos amigábeis, a folga é a arma máis eficaz do traballador. Defendemos a folga se está claramente xustificada economicamente, e se a posición social do traballador corre o perigo de acadar un nivel de dignidade humana tan baixo que apenas poida sobrevivir. Denunciamos firmemente as folgas explicitamente políticas que se fan baixo o disface de reivindicacións económicas, e rexeitamos toda responsabilidade polas sancións disciplinares inevitábeis e os despedimentos inmediatos."

Despois de examinada polo dirixente rexional principal, a decisión de saber se unha folga está xustificada económica ou politicamente é tomada polo dirixente nacional da organización ou polo seu substituto."

Xa que logo, o NSBO non pode participar nas folgas onde os traballadores loiten pola súa simple supervivencia! Para limitar aínda máis os criterios, a autorización de facer folga está vinculada á comprobación, por parte do dirixente rexional, das causas que conducen á folga.

Após unha "comprobación responsábel", este dirixente rexional envía un informe á dirección nacional de Múnic. O grande medo dos nazis era participar nunha folga nunha empresa "equivocada", é dicir, nunha empresa que pertencera a algún dos benfeitores e mecenas do NSDAP. Este temor exprésase na seguinte instrución: "O informe é extremadamente importante xa que, en primeiro lugar, serve de base á decisión de validar ou non a folga e, en

segundo lugar, pode facer moito dano político á dirección nacional no caso de que presente imprecisións ou mentiras. Fai falla, pois, a máxima precisión nos informes!"

Unha folga non anunciada non se recoñece e non recibe ningún apoio financeiro.

Concédesse unha grande importancia á explotación propagandística da participación nunha folga: "mellor que unha propaganda de longa duración, o feito de que o NSBO se sitúe á cabeza dos folguistas nunha folga xustificada economicamente causará gran efecto nos traballadores. Por esta razón, é de vital importancia dar a coñecer unha folga baixo dirección nacionalsocialista." Ante todo, hai que esforzarse en "facer saber que o NSBO paga, nas folgas, un sostén financeiro cuxo importe é comparábel -e a inmensa maioría das veces supera- ao sostén ofrecido polos sindicatos."

Isto ofrece a oportunidade tamén de "atraer a atención de que detrás de cada membro do NSBO non só está o conxunto do NSBO, senón que está a forza e solidariedade dun partido de varios millóns de militantes!"

8. A responsabilidade da clase obreira e da súa vangarda para contrarrestar os esforzos dos fascistas

A demagogia social dos fascistas coa clase obreira acada o seu cume a raíz da vaga de folgas organizadas, esencialmente baixo a dirección do RGO, contra a orde de redución dos salarios tomada por von Papen en setembro de 1932. En outubro de 1932, o NSBO distribúe unha folia titulada: "Recoñecemento da folga como medio de loita contra a política de empobrecemento", na que podemos ler: "Xustifícase, non só moral senón economicamente, cada acción de resistencia dos camaradas do noso pobo afectados polo último decreto de urxencia do Sr. von Papen.

Por esta razón, as células de empresa nacionalsocialistas colócanse á cabeza dos traballadores alemáns (...) Nesta resistencia non renunciamos tampouco á folga! (...) É a nosa folga contra von Papen e as súas altas finanzas! (...) Cada folga xustificada contra a política de miseria do sistema merece o noso apoio baixo todas as formas. En vista do desfalecemento dos sindicatos, tomamos a dirección de combate."

Despois destas arroutadas, os nazis non podían permitirse rachar abertamente a folga cando, a principios de novembro de 1932, os traballadores do transporte público berlinés pararon baixo a dirección do RGO. Oficialmente proclamaron a súa participación na folga, desenvolvendo unha propaganda xigantesca.

Entre tanto, Goebbels, dirixente do distrito, xunto cos dirixentes do NSBO berlinés, Muchow e Engel, fixeron todo o posíbel por desorganizar a fronte de folga dos traballadores.

O certo é que participando nesta folga, os dirixentes nazis excederon os límites que os representantes dos medios monopolistas -incluídos os que eran condescendentes- podían permitir ou polo menos tolerar, e eran conscientes disto.

Porén, non tiñan outra elección. As eleccións ao Reichstag do 6 de novembro de 1932 estaban moi próximas.

As eleccións de xullo puxeran de manifesto que o depósito de demagogia do partido nazi estaba esgotado e que o partido se estancaba desde a primavera de 1932. O partido nazi non podía agardar un novo progreso no campo burgués se non conseguía unha nova vitoria electoral, e demostrar por fin que era capaz de conseguir apoio non só entre os burgueses senón tamén no campo dos partidos obreiros. En caso contrario, sería moi difícil, por non dicir imposible, convencer ao Presidente Hindenburg e aos medios da oligarquía financeira e rural de que lle outorgaran a chancelería ao dirixente nazi.

Engadíase a todo isto a crecente presión dos militantes que, levados a ebulición pola propaganda nazi, estaban cansos das numerosas promesas e só podían ser calmados con feitos.

En agosto de 1932, o cambio táctico do partido nazi no tocante á participación nas folgas representa a manobra dun partido en crise que se xogaba todo a unha última carta co fin de evitar unha derrota electoral.

Os resultados dos esforzos fascistas por gañar influencia nos traballadores non tiveron éxito, cando menos até 1933. Non acadaran o seu obxectivo principal: a penetración da ideoloxía nazi no movemento obreiro socialista (incluímos aquí tanto aos socialdemócratas como aos comunistas).

Aínda máis, os fascistas nin puideron arrastrar ás masas de traballadores católicos dos partidos centristas e dos sindicatos cristiáns. A loita dos nazis e do seu NSBO nas fábricas, estes "bastións do marxismo", acabou nunha absoluta derrota.

En 1921 comezaron a organizarse as células de fábrica nazis. Despois de dous anos, en marzo de 1931, o NSBO tiña en total 4.131 membros. Co gallo de incrementar a súa forza, todos os militantes do NSDAP que fosen asalariados ou empregados, foron obrigados a afiliarse ao NSBO. En setembro de 1931, encétase unha gran acción "sobre as fábricas" baixo os lemas: "Facer de cada fábrica un bastión do nacionalsocialismo!" e "Ningunha fábrica sen célula nazi!". Como consecuencia destas medidas, o número de membros medrou até acadar os 39.316 a finais de 1931.

Paralelamente ao rápido crecemento de militantes do partido desde 1932, o número de membros do NSBO aumentou até 300.000 a finais de 1939, a maioría empregados. A cifra é pouco importante se a comparamos co total de militantes do NSDAP a finais de 1932: máis de 800.000. O 6 de novembro de 1932, o número de electores nazis era de 11,7 millóns. Os sindicatos libres contaban, en 1931, con 4,1 millóns de membros (non temos as cifras de 1932),

e os sindicatos cristiáns aproximadamente 700.000 (cun total de 4,2 millóns de electores de centro nas eleccións de novembro).

Nas eleccións aos comités de empresa da primavera de 1931, o NSBO -que presentara por vez primeira as súas propias listas- fracasou estrepitosamente: os sindicatos libres conseguiron o 83,6% do total de delegados de empresa, as listas de unidade roxa un 3,4% e os nazis apenas un 0,5%.

Os obreiros eran o único grupo cuxa porcentaxe de membros do partido nazi era inferior á súa porcentaxe na poboación total. En 1932, a proporción de obreiros membros do partido nazi era inferior a súa proporción no total da poboación (28,1% dos membros do NSDAP, e o 45,8% da poboación total).

Pola contra, os empregados representaban o 25,6% da militancia, fronte ao 12% da poboación, os independentes o 20,7% fronte ao 9%, os funcionarios o 8,3 fronte ao 5,1% e os campesiños 14% fronte ao 10,6%.

O partido nazi converteuse nun partido de masas, pero non como "partido obreiro nacional" senón como un partido pequeno burgués ou, mellor, como partido imperialistas cuxos partidarios eran, esencialmente, pequeno burgueses.

Por que determinadas capas da pequena burguesía se uniron a un movemento que non só axitaba a bandeira do chauvinismo -que estas capas sempre seguían- senón que tamén se presentaba como socialista? Só podemos dicir que a perda de confianza no capitalismo de amplas capas pequenoburguesas, e a súa aspiración a unha nova orde socialmente máis xusta que protexería á clase media da pillaxe do gran capital -e a súa crenza de que sería o fascismo quen fixera posíbel esta nove orde-, eran unha consecuencia e un síntoma da crise xeral do capitalismo.

A historia do partido fascista mostrou a posibilidade inédita de triunfar sobre o movemento obreiro e sobre todas as forzas democráticas coa axuda dun movemento de masas de tipo fascista, terrorista e militante, recrutado entre a pequena burguesía, combinado coa represión do Estado, e acadar por medios legais, é dicir, sen un golpe arriscado, a ditadura aberta á que aspiraban os elementos máis reaccionarios do capital financeiro.

Unha vez descuberta e experimentada esta posibilidade, non era necesario noutros países xustificar a fundación de partidos fascistas para realizar a "dobre tarefa": o motivo da loita pola destrución do movemento obreiro abundaba.

A historia dos movementos fascistas tamén amosou que incluso un partido fascista non ofrece á burguesía imperialista a garantía de atraer ás masas desexadas. Sería un erro recoñecer a priori ao movemento fascista a capacidade de acadar este obxectivo. Corresponde á clase obreira e a súa vangarda revolucionaria, axudados por unha correcta política de alianzas, contrarrestar os esforzos dos fascistas.